

**PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE
PROXECTO EMPRESARIAL
CURSO 2023- 2024**

Centro educativo: IES ESPIÑEIRA

Ciclo formativo: Ciclo Superior de Administración e Finanzas

Módulo: Proxecto Empresarial

Curso en que se imparte: 2º curso

Titora: María José Ferreira Filgueiras

INTRODUCCIÓN

Este módulo consistirá na realización dun proxecto no que se porá de manifesto a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Dito proxecto, que ten unha duración de 26 h., deberá ser realizado polo alumno/a durante a Formación en Centros de Traballo (FCT).

A coordinación do módulo no curso 2023-2023 corresponde á titora de 2º curso M^a José Ferreira Filgueiras.

Profesorado que imparte clase e módulos de 2º curso do C.S. de Administración e Finanzas:

Rosa Ventín Pena: Xestión Loxística e Comercial

Elisa M.^a Vidal Suárez : Contabilidade e Fiscalidade

Alba Gorgoso: Xestión de Recursos Humanos

M^a José Ferreira Filgueiras: Xestión Financeira e Simulación Empresarial

NORMAS PARA REALIZAR O PROXECTO

- Este proxecto realizarase de forma individual.
- É obrigatoria a asistencia os días fixados polo equipo docente para a impartición do módulo.
- Deberá presentarse por escrito a través dunha aplicación ofimática.
- A exposición oral do proxecto farase apoiándose nunha presentación (power point, prezi,...).
- Tempo de exposición do proxecto: 15 minutos.
- Orde de exposición: orden alfabético do primeiro apelido.

TEMPORALIZACIÓN DO MÓDULO

Para o curso 2023-2024 as 26 horas do proxecto empresarial se realizarán ao longo das prácticas de FCT e na semana posterior á realización das mesmas. Os períodos de FCT son:

1º Período:

- **Inicio 25/09/23 Fin: 1/12/23.**

Matriculáronse 6 alumnos/as no módulo de Proxecto empresarial

2º Período:

- **Inicio 08/04/24 Fin: 20/06/24.**

Os alumnos poderán consultar as dúbidas sobre o módulo o día que asistan ao instituto para o seguimento das actividades de FCT, que no primeiro período será os martes. As datas de visita previstas para la mayor parte del alumnado son:

- 10 de outubro
- 24 de outubro
- 7 e 21 de novembro

Una alumna que por motivos laborales empezará las prácticas el 10 de outubro acudirán al instituto:

- 24 de outubro
- 7 e 21 de novembro
- 5 e 19 de decembro

No segundo período o día de visita ao Instituto está por determinar, xa que a elección de dito día faise en función da liberación de horas do profesorado do ciclo que imparte clases en segundo curso.

O alumnado será atendido para a realización do proxecto polos profesores do ciclo, preferentemente de segundo curso.

CONTIDOS

O proxecto que realizarán os alumnos/as deberan desenvolver os seguintes contidos:

- 1 Tipo de empresa. Sector produtivo no que se enmarca a actividade da empresa.
- 2 Descrición da actividade: produto ou servizo que ofrece.
- 3 Recursos e loxística cos que conta a empresa para levar a cabo a actividade.
- 4 Estrutura organizativa e función de cada departamento.
- 5 Obrigas contables e fiscais da empresa.
- 6 Obrigas laborais. Prevención de riscos laborais e a súa aplicación.

- 7 Medidas de responsabilidade social corporativa adoptadas pola empresa.
- 8 Viabilidade da empresa.
- 9 Relacionar a experiencia laboral cos coñecementos adquiridos.
- 10 Melloras que introducirías.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.

- CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.
- CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
- CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
- CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
- CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
- CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
- CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
- CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.
- CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.

RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.

- CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
- CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.
- CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido
- CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
- CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
- CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.
- CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
- CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA2.9. Identifícanse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.

RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.

– CA3.3. Identifícanse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.

– CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

– CA3.5. Identifícanse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.

– CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

– CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.

– CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución

RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

– CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.

– CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.

– CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.

– CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.

– CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.

– CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.

– CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.

RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.

– CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.

- CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
- CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
- CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
- CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
- CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

MÍNIMOS ESIXIBLES, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Mínimos esixibles

- CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.
- CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
- CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
- CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
- CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
- CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
- CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
- CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.
- CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
- CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.

- CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido
- CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
- CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
- CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.
- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
- CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
- CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
- CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
- CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución
- CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.
- CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
- CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
- CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
- CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
- CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
- CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.

- CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

Crterios de cualificación

CONTIDOS	40%
EXPOSICIÓN ORAL	30%
PRESENTACIÓN	10%
TRABALLO E ACTITUDE NA AULA	10%
AUTONOMÍA E INICIATIVA NO USO DAS TIC	10%

Instrumentos de avaliación

Utilizarase a rúbrica que detallamos a continuación como instrumento de avaliación:

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO MÓDULO DE PROXECTO DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	9/ 10	8 / 7	6 / 5	4 / 3
CONTIDOS	Desenvolve amplamente todos os contidos	Desenvolve amplamente só 9 contidos ou desenvolve amplamente 8 contidos e brevemente 2	Desenvolve só 8 contidos amplamente ou máis de 2 de maneira breve	Desenvolve menos de 8 contidos
EXPOSICIÓN	Amosa coñecer perfectamente o tema do que fala e fáino de maneira clara e amena, fiando as ideas e poñendo exemplos sen necesidade de ler a presentación. Axusta a exposición ao tempo requirido	Coñece bastante ben o tema do que fala e fia as ideas do mesmo aínda que precisa consultar de vez en cando a presentación. A exposición é clara e amena e axústase ao tempo requirido	Coñece pouco o tema do que fala, recurrido numerosas veces á lectura da presentación. Fala entrecortadamente e non garda ben o fío. Desaxustes leves no tempo	Apenas coñece o tema e lee continuamente a presentación. A súa exposición é monótona e confusa, sen expresividade e moi entrecortada. Desaxustes no tempo de exposición

PRESENTACIÓN	Unha idea por diapositiva. Tamaño da letra axeitado e tipo de letra senxelo, sen adornos. Fondo claro e emprego correcto dos apartados	Máis dunha idea por diapositiva ou tamaño da letra non aprecible ou letras con artificio, fondo escuro, ou emprega títulos en vez de apartados	Máis dunha idea por diapositiva e/ou tamaño da letra non aprecible e/ou letra con moito artificio e/ou fondo escuro e/ou emprega títulos en vez de apartados	Diapositivas con aspecto desordenado. A mosca cortapega, fotos e/ou debuxos pouco axeitados
TRABALLO E ACTITUDE	Traballa para lograr o obxectivo diario e faino diligentemente. Os descansos son adecuados en tempo	Traballa para lograr o obxectivo diario aínda que sobre algunha demora. Fai poucos descansos ou de pouco tempo	Traballa de maneira desordenada sen lograr o obxectivo diario. Realiza moitos descansos ou moi longos	Non se pode apreciar o logro dos obxectivos diarios
AUTONOMÍA E INICIATIVA NO USO DAS TICS	A mosca dominio da aplicación. Emprega gran cantidade dos recursos da mesma. Emprega enlaces e recursos externos	A mosca dominio da aplicación e emprega algúns recursos da mesma. Algún enlace a recursos externos	Emprega algúns dos recursos da aplicación e/ou non fai enlaces nin emprega recursos externos	Non emprega recursos propios da aplicación e non fai enlaces nin emprega recursos externos. Só texto

Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación obtida polo sistema indicado nos criterios de cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos.

RECUPERACIÓN DO MÓDULO

Os alumnos/as que suspendan o módulo de Proxecto empresarial, terán que volver a matricularse deste módulo.